

**TxT Espaciais**



TxT

Este traballo distribúese baixo licenza *Creative Commons*  
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.1/es/deed.gl>



## Marzo 2006

### Autores dos textos:

Uxía Casal  
Celso Fernández Sanmartín  
Santiago Jaureguizar  
María Lado  
Antonio Reigosa  
Antón Riveiro Coello  
Séchu Sende

### Actividades:

Cristina Grandío, IES de Pastoriza, Arteixo  
Luís Teira, IES de Coroso, Ribeira

### Supervisión lingüística:

Nel Vidal

### Ilustracións e maquetación:


Xavier Seco

### Idea e coordinación:

Luís Teira  
luisteira@ciberlingua.org

Este material pode descargarse dende <http://www.edugaliza.org>





TxT

# Índice



O traballo. *Uxía Casal* ..... 5



Os amigos de Celso. *Celso Fernández Sanmartín* ..... 12



Rewind. *Antonio Reigosa* ..... 17



Nin en soños vou perder eu a miña lingua. *Séche Sende* ..... 24



Triste Iedicia. *Antón Riveiro Coello* ..... 30



O señor Apiretal e Rosa Bayer. *Jaureguízar* ..... 34



Cápsulas. *María Lado* ..... 41



TxT

00:04

# Introdución

As profesoras e os profesores que traballamos con alumnado con necesidades educativas específicas en Galiza atopámonos con escaseza de materiais educativos adaptados á nosa realidade.

Para saír adiante moitos profesores e profesoras temos que botar man doutros materiais e adaptalos ás nosas circunstancias.

Un dos grandes problemas que presenta o alumnado co que traballamos son as dificultades de comprensión lectora. Para abordar este problema tendemos a botar man de textos sinxelos que logo empregaremos para traballar a comprensión. Moitas veces o que se fai é recorrer a textos que, en principio, non están pensados para a idade desa alumna ou alumno en concreto, co cal as temáticas destes textos tenden a non ser atractivas: cando len eses textos séntense moi infantilizados.

Propúxoselles a sete escritores e escritoras que redactasen un texto tendo en conta que as persoas destinatarias finais ían ser rapazas e rapaces de 12 a 14 anos de idade con pouco nivel de comprensión lectora. A resposta dos autores e das autoras foi excelente e de xeito desinteresado participaron desta proposta educativa.

TxT, *textos espaciais* pretende, ademais, ser un paso intermedio entre o material tradicional impreso en papel -as clásicas fichas- e o uso exclusivo das Tecnoloxías da Información e Comunicación. Así, este material está pensado para usar en aulas que teñan conexión a internet. Propoñemos pois esta nova dimensión que o profesorado terá que ir investigando e facendo aos poucos.

Nesta liña debemos dicir que este material parte do feito que tanto alumnado como profesorado saben usar minimamente un navegador e as ferramentas de busca pola rede.

Todo o material xerado distribúese totalmente de balde por internet baixo a licenza Creative-Commons <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.1/es/deed.gl/>. Esta licenza permítelle a calquera persoa usar e distribuír este material, sempre baixo unha licenza semellante a esta, deberá citar e recoñecer ao autor ou autora orixinal e a obra derivada non pode ter fins comerciais.

Finalmente, cómpre o agradecemento a todas e todos os que participaron na materialización deste proxecto.

Luís Teira




TxT

00:05

# O Trabalho

Uxía Casal





TxT

O traballo


00:06

# O traballo

Uxía Casal

Iria fora ambiciosa e decidira construír con plastilina de cores a rúa dunha cidade. Varios edificios de catro plantas cos tellados alaranxados, beirarrúas en gris sobre as que camiñaban dez peóns, seis farois negros e cinco árbores de copas verdes e troncos marróns; seis automóbiles, un camión de butano e unha moto circulaban pola calzada. Os coches non tiñan feitura diversa, senón que se semellaban bastante a caixas con rodas, pois era bastante difícil darlles forma a anacos de plastilina tan cativos. Estaba orgullosa do ben que lle quedaran as tellas; non as fixera unha por unha, abofé que non, senón





TxT

O traballo

00:07

que marcara ondiñas na placa cun paíño e o efecto resultaba mellor do esperado. No último momento decidira engadir un parque con céspede e bambáns e pasara dúas tardes completas con eles; os chanzos da escada para subir ao tobogán déranlle moita latíña, porque tardara o seu en decatarse de como fixalos aos paus laterais.

Agora que a rúa estaba rematada, contemplábaa xa montada sobre a taboíña de madeira fitando cada detalle por se pillaba algún defecto. Nunca pasara tanto tempo -case un mes completo- facendo un traballo para o instituto e nunca ese tempo transcorrera tan axiña. De feito, gozara coma nunca moldeando cos dedos, combinando cores e imaxinando cada elemento. Seu irmán Paulo seguira admirado o proceso e pasaba cada día polo seu cuarto para ver como medraba; ben se lle vían as ganas de meter a man, pero


ela non llo permitira por se llo derramaba. Prometéralle que, cando lle puxesen a nota e llo devolvesen, lle deixaría fochicar todo canto lle petase, pero non antes.



Achegouse nerviosa até a mesa do profesor portando a rúa en miniatura coma se fose unha torta de merengue; tiña postas nela moitas esperanzas e sabía que fixera un bo traballo. Quizais de maior puidese ser escultora. Paso a paso, con coidado, avanzaba cara á meta sen afastar a ollada da súa obra; por iso non se decatou de que da segunda fila saía unha perna para facerlle unha cambadela; por iso se sobresaltou toda cando escoitou o berro do profesor que lle rifaba ao rapaz polo intento; por iso, co susto, nun tremor irremprimible, saíulle polos aires a rúa que

lle levará case un mes construír peza a peza.





TxT

O traballo

00:08

# Actividades de "O traballo"

## A ver se comprendemos

- 1.- Cal era o traballo que tiña que facer Iria?
- 2.- Había na rúa moitos modelos de coches? Por que?
- 3.- Que lle engadiu ao traballo no último momento?
- 4.- Canto tempo tardou en facer a rúa?
- 5.- Por que se lle pasou tan pronto o tempo a Iria cando facía o traballo?
- 6.- Que lle apetecía a Paulo facer cando vía traballar a súa irmá na habitación?
- 7.- Como estaba Iria o día da presentación do traballo?
- 8.- Onde estaba situada a meta para Iria?
- 9.- Cal foi a causa de que lle caese a rúa ao chan?
- 10.- Que pensaba Iria do seu traballo?





TxT

O traballo

00:09

## Andamos pola rede

1.- Inventa a biografía da autora que escribiu a lectura.

Se non se che ocorre nada fíxate na seguinte:

Naceu en Lugo. Aos sete anos caeu da bici e fracturou o fémur. Aos 18 anos tivo un noivo chamado Pepe. Escribiu o libro *Os peixes pequenos*. Non quixo ser estudante de Arquitectura. Estivo proposta para o premio Cervantes.

2.- Busca agora información sobre a escritora, Uxía Casal, e escribe de novo a súa biografía. Compara as dúas biografías.

Podes procurar datos sobre Uxía Casal en moitas páxinas de internet, por exemplo podes consultar a páxina da Biblioteca Virtual Galega <http://bvg.udc.es/>.

3.- Ademais de atopar información sobre Uxía Casal, debes saber que a autora ten un blog (unha especie de diario en internet) onde as persoas que o visitan lle poden deixar algún comentario. Podes mirar o seu blog en <http://gradicela.blogspot.com/>.





TxT

O traballo

00:10

## Enredos coa lingua

1.- Se descoñeces algunhas palabras do texto escribeas aquí e despois busca o seu significado no dicionario.

2.- Ordena alfabeticamente as palabras descoñecidas.

3.- Despois de ler as seguintes oracións subliña os substantivos e verbos que atopas e a continuación escribeos no cadro.

*"Iria decidira construír con plastilina a rúa dunha cidade. Edificios cos tellados alaranxados, beirarrúas grises e árbores de copas verdes".*

Substantivos	Verbos





## Enredos coa lingua

4.- Escribe todas as palabras que sexas capaz e que leven as mesmas letras que "bambáns"

Exemplo: *baba*

5.- Explica que significan as seguintes expresións:

- *Os coches non tiñan feitura diversas.*

- *...que lle deixaría fochicar todo canto lle petase.*

6.- Busca na sopa de letras as seguintes palabras:

*merengue, beirarrúa, caixa, profesor, chanzo, tellas, parque, bambáns, farois.*

M	T	C	E	M	P	M	P	Q	A
B	E	I	R	A	R	U	A	S	L
A	L	R	A	X	E	N	R	F	I
M	L	F	E	E	P	A	Q	A	U
B	A	M	R	N	O	H	U	R	N
A	S	G	R	Z	G	X	E	O	L
M	P	R	N	I	H	U	P	I	I
S	O	A	L	Z	V	O	E	S	P
N	H	P	R	O	F	E	S	O	R
C	H	G	Ñ	B	A	X	I	A	C





TxT

00:12

# Os amigos de Celso

Celso Fdez. Sanmartín






TxT

Os amigos de Celso

00:13

# Os amigos de Celso

Celso Fdez. Sanmartín



Semella tocho este texto, e total só para contar-  
che que vin onte ao meu amigo Anxo Bastera e  
púxoseme a falar duns contos de Álvaro  
Cunqueiro co gallo de que quere axeitar algún  
para contalo de viva voz por aí adiante, por exem-  
plo, no medio e medio da rúa, berrando e chama-  
ndo a atención. Non se trata de memorizalo coma  
un papel de teatro, senón coma algo que escoitou,  
para que salte de boca en boca. Anxo, que é un dos  
mellores titiriteiros de Galicia, díxome concreta-  
mente: "*deste libro de Álvaro Cunqueiro, moito me  
gusta cando di: As dúas fontes do campo fan un regati-  
ño, que aínda non é mocete e xa o poñen de muiñeiro  
[...]*".

DIME ALGÚN E ALGUNHA MESTRA QUE  
AS MOZAS E OS MOZOS TEDES PROBLEMAS  
PARA ENTENDER O QUE DIN OS TEXTOS. E  
ADEMAIS, PARA COLMO, QUE COMO A  
MAIORÍA DOS TEXTOS QUE VOS DAN  
ESTÁN DESFASADOS DAS VOSAS  
PREOCUPACIÓNS E DOS VOSOS GUS-





TOS..., POIS VAIA, QUE NON VOS TIRA LER NELES... E COMO TAMPOUCO É COUSA DE OBRIGAR-OBRIGAR...

Eu chámome Celso e son traballador nunha residencia de persoas maiores (moitas delas non puideron de novas aprender a ler nin a escribir); tamén me dedico a contar contos, etc. Quéroche preguntar unha cousa: Que é para ti unha **fonte?**, e un **rego, regato e regatiño?**, e un **muíño?**



Falábame Anxo do namorado que estaba do conto de Álvaro Cunqueiro, titulado: *A novela de Mosiú Tabarie*, que ben se podería chamar: *O conto do peido do demo*, e na cabeza seica lle rebulían as *mañas* dun demo para non ser descuberto como demo que era, por unha moza; non ser descuberto quere dicir, non ser ventado polo cheiro, porque os demos téñeno a **xofre**, un mineral amarelísimo que deitan polo bico os volcáns e que se

usa para moitos remedios, entre eles, sulfatar as vides e que a néboa non lle queime as follas..., pero vede como contaba Cunqueiro o das mañas do demo para recender...: *"e dispuxo de todos os seus aromas para non delatarse, bañouse en auga franchipana, lavou os pés con secante de lirio, engomou os rizos con mel de rosas, e para dis-*

*frazar o alento, bebeu un frasco de viño de nardo"*. E o resultado final

que lle deron todas estas esencias, para disimular o seu natural cheiro a xofre, ou a ovos podres, foi que...: *"...requiriu a viúva (era a muller á que este demo tentaba namorar) a Cobillón (que era o nome do demo en cuestión) que botase un vento (un peido), e ver a que cheiraba. Cobillón*

*fixose o rogado, pero vendo que a viúva seguía chorando, e coidando el, co seu saber de demo, que o viño aromado (que palabra bonita: "aromado") que bebera xa estaría nas tripas baixas, apañou forzas e ceibou un grande e sonoro meteoro ("peido" outra vez), que*






tal tamborilou nas súas bragas cinguidas coma redobre de parada. E toda aquela cámara se encheu dun docísimo cheiro a nardo froilido, co cal a viúva botouse nos brazos do demo Cobillón. (...)" E despois, que lle pasou á muller enganada...? Terédelo que ler como o lin eu que xa non vos conto máis. **Precisamente** unha amiga miña falábase-me que tivera que ler este libro (*Merlín e Familia*, ese é o seu título) cando tiña a vosa idade e que non lle gustara nada.

Eu coido que puido ser por estar escrito nunha linguaxe moi distinta da que hoxe lle chamamos **coloquial**, e ao mellor **por falar de cousas nas que un non cre, ou que nin lle van nin lle veñen nin lle interesan...** Pero hai que recoñecer que todo el (todo o libro) está cheo do que a nosa cultura está chea: de misterio, de humor, de amor, de mágoa, de remedios, de retranca, de sorpresa,

de contrastes (como se dan neste conto: **peidos e nardos**), etc. Ai! E de tesouros...! Tés ti topado ou teste atopado algunha vez cun tesouro? Ou, sabes del?

Buscáchelo? Escondiches algún?... Até din que os teléfonos móbiles teñen algún compoñente interno que é de ouro, e os ordenadores, as dentaduras... E cantas pezas e adobíos de ouro leva a xente consigo? E con canta selva se acaba, por exemplo, no Brasil por causa do ouro? Eu coido que á selva tamén se lle pode chamar "tesouro"... Ti que opinas?

O peido de Cobillón a verdade é que funcionou coma *un tesouro de olor, ou coma unha riqueza en peido...* E escoita: Coñeces esta cantiga?: "*Polo río abaixo vai / unha troita de pé / corre que te corre quen / a puidera coller...*" Pois a min paréceme talmente un tesouro cando a cantamos ao xuntarnos.





# Actividades de "Os amigos de Celso"

## A ver se comprendemos

- 1.- O autor dinos que se atopou cun amigo na rúa, como se chama?
- 2.- A que se dedica este amigo?
- 3.- Cando se atopan falan dun conto de Álvaro Cunqueiro, como se chamaba este conto?
- 4.- Que outro título podería ter o conto?
- 5.- Como namorou o demo Cobillón á señora?
- 6.- Numera por orde estas ideas, segundo foron aparecendo no texto.

	Fálanos dos tipos de tesouros
	Cóntanos a novela de Mosiú Tabarie
	O autor atópase co seu amigo Anxo Bastera
	O autor preséntase e dinos a que se dedica

## Andamos pola rede

- 1.- Celso Fernández, autor deste texto, é dunha vila do interior de Galiza. Por esta vila pasa o río Deza e pretiño están os montes do Candán. Busca coa axuda de internet en que vila naceu Celso. Dámosche unha pista: naceu na mesma vila que o astrónomo Ramón María Aller.
- 2.- Na lectura fálase dun conto escrito por Álvaro Cunqueiro. A ver se es capaz de completar este cadro utilizando internet ou unha enciclopedia.

Álvaro Cunqueiro	
Naceu na vila de...	
Foi director do xornal...	
O seu libro <i>Merlín e Familia</i> publicouse en...	
O seu libro <i>Merlín e Familia</i> publicouse en...	





## Enredos coa lingua

1.- Se te fixas no texto hai unha parte que está en cursiva, isto é porque son palabras textuais que usou o autor. Estas palabras corresponden ao conto do demo Cobillón. Fai un resumo deste conto.

2.- Busca no dicionario estas palabras.


*Xofre:*

*Rego:*

*Titiriteiro*

3.- Resolve a sopa de letras atopando os 5 nomes propios que aparecen no texto.

A	B	O	R	E	A	L	C	R	I	C	A
R	N	U	F	B	P	U	E	F	E	I	M
E	F	X	A	O	S	A	L	V	R	A	E
S	U	A	O	N	I	L	R	E	M	A	I
A	P	I	S	A	N	A	R	E	M	S	V
F	I	D	L	O	E	L	U	I	S	D	A
L	O	I	E	M	P	C	A	V	P	A	A
V	N	U	C	F	T	N	E	U	A	L	N
X	C	O	B	I	L	L	O	N	L	V	A
E	A	S	A	A	T	H	N	S	E	A	R
S	D	T	A	B	A	R	I	E	O	R	Q
A	L	V	A	R	O	N	A	I	N	O	U






TxT

00:18

# Rewind

Antonio Reigosa





TxT

Rewind

00:19




# Rewind

Antonio Reigosa

Chámome Manuel Pérez Leal e presumo de ter dous oficios. O primeiro, calquera lle di aos meus pais outra cousa, é o de estudante; do segundo non sei nin se ten nome e só vos podo dicir que os días que non hai clases érgome moi cedo e vou dar un paseo pola praia para apañar o que golsa o mar.

No garaxe da miña casa teño unha morea de obxectos vomitados polo mar. De moitos, da maioría, nin sei como se chaman; os que coñezo vou nos fichando e numerando para o que ha de ser, co tempo, o meu Museo de Refugallos do Mar. De momento, gozo moito apóndolle a cada obxecto que atopo





TxT

Rewind

00:20

unha historia imaxinaria que até pode parecerse á verdadeira.

Hoxe, sábado, sete de maio do ano 2005, fun dar unha volta pola praia antes de alborexar. Non agardaba atopar moita cousa, pois son días de mareas mortas coas que apenas se moven as ondas, nin cando baixan, nin cando soben. Por riba, tamén estes días andan rondando a costa unhas néboas mestas que non deixan ver máis alá dos fociños. Amence tarde, escuro e sen visibilidade. Son malos días para o meu segundo oficio; para o primeiro non lembro o último que foi bo.

En fin, dei o meu paseo pola praia e sorprendeume atopar a uns dous ou tres metros da auga unha bota pouco gastada, só unha, e do pé dereito. Non a collín, pois semellaba que non fora o mar o que a achegara senón que a perdera algunha persoa que madrugara máis ca min. Pareceume estraño e quedei un bo anaco mirándoa até que, de

repente, sen máis aviso, a bota comezou a arrolar cara á auga.


Ao principio seguina coa vista, sorprendido e sen saber que facer. Despois, ao ver que se metía na auga e que, contra toda lóxica, choupeleaba paseniño contra corrente, mar adentro, decidín ir tras dela.



Sei que non meditei a situación como debера. Seino agora e non me arrepiño do que fixen. Quitei o calzado e a roupa toda, agás os calzóns, e tireime ao mar. Nadei seguindo a estela da bota, que se mantiña sorprendentemente na tona da auga, outro misterio. Nadei, nadamos os dous, a bota diante e eu detrás, ata onde quixo levarme tronzando aquela néboa escura e mesta que me impedía ver que dirección tomabamos.

Tan sorprendente, ou máis, que o comportamento da bota foi a seguinte visión que tiven cando case bato coa testa nun barco que levaba





TxT

Rewind

00:21

pendurada do mastro a bandeira negra dos piratas, co esqueleto e as dúas tibias cruzadas. No casco, en letras tamén negras, poñía "Burla Negra".

De cuberta, eu non vía a ninguén, chegoume unha voz que ben podía ser a do capitán:

-Aguaaá! -dixo, mentres unha man recollía a bota que, dun brinco, saltara da auga até alí.

Como é de supoñer, tomei medo e regresei como puiden á praia. E alí, mentres me recuperaba do esforzo estomballado na area, comecei a buscarlle sentido ao que pasara.

Algúns datos eran chamativos; o nome do barco, por exemplo, coincidía co do derradeiro que tivo ao seu mando o pirata galego Benito de Soto.

Pero; había peros. O primeiro: por que berraba jaguaaá!, así, en castelán, sendo galego o pirata?

Vestinme e regresei á casa dándolle máis voltas pero non dei coa solución. Foi a miña irmá pequena, despois

de contarlle a aventura unhas horas despois, a que me fixo caer na conta.


-Segundo me dis -díxome ela, chea de razón- a bota percorreu á inversa, coma nun rebobinado, a distancia desde a praia até a man do pirata. Non é? Pois entón o pirata debeu desdicir as palabras que dixera cando a tirou ao mar.

Claro, claro; que burro son! Agora entendo. O pirata dixo:  
-Á auga!

Agora só me queda saber se era a bota á que condenaban a morrer no mar (por estreita, por pequena, por provocar algunha rozadura inoportuna, polo que fose) ou se o pirata tiña unha pata de pau, a dereita con seguridade, e se desfacía da inútil para el.

Pois vai aviado o pirata mentres á bota lle dea por desandar o camiño até a súa man!

Quen sabe que historias ou que misterios hai detrás do que vomita o mar!





TxT

Rewind

00:22

# Actividades de "Os amigos de Celso"

## A ver se comprendemos

- 1.- Unha vez lido o conto, por que cres que o autor o titulou Rewind?
- 2.- Cales son os dous oficios do protagonista desta historia?
- 3.- Cal destes oficios lle gustaba máis?
- 4.- Que colecciona o protagonista?
- 5.- Que atopou un día na praia?
- 6.- A onde chegou logo de nadar seguindo a bota?
- 7.- Por que o pirata berrou aguaá!, en castelán, en vez de en galego?

## Andamos pola rede

- 1.- *Burla Negra* é o nome do barco pirata, tamén é o nome dun colectivo de persoas que se mobilizaron cando afundiou o petroleiro *Prestige*. Podes investigar pola rede vendo fotos do que pasou. Podes mirar, por exemplo, en <http://www.plataformanuncamais.org/>. Fai unha pequena redacción sobre o que lembras ti daqueles días do afundimento.





TxT

Rewind

00:23

## Andamos pola rede

2.- Antonio Reigosa, autor do texto que acabas de ler, é o webmaster da páxina <http://www.galiciaencantada.com/>. Nesta páxina podes atopar moitas lendas populares galegas. Busca nesta páxina algunha da túa comarca e logo cóntalla ti ao resto dos teus compañeiros e compañeiras.

3.- Podes inventar ti algunha lenda na que apareza algún obxecto característico do tempo no que vivimos: CD-Rom, teléfono móbil, ordenador, consola, etc.

## Enredos coa lingua

1.- Explica o que significa a expresión "*mareas mortas*".

2.- Benito Soto foi un pirata galego que existiu na realidade. Inventa unha pequena historia sobre este pirata.

3.-Relaciona con frechas as palabras co seu significado.

Golsa	Capa superficial da auga
Alborexar	Tirarse no chen debido á fatiga
Arrolar	Momento no que empeza o día
Choupelear	Botar violentamente algo que se ten dentro.
Tona	Facer ruído na auga






TxT

00:24

Nin en soños vou perder  
eu a miña lingua

Séchu Sende





TxT

Nin en soños vou perder  
eu a miña lingua

00:25





## Nin en soños vou perder eu a miña lingua

Séchu Sende

Abrín a boca e dixen *aaaaaaa*. E saquei a lingua. Vermella. Vina asomar por debaixo do nariz. Volvín metela na boca. Seguía aí. *Uf*.

Eu só son unha nena e sei que aínda non comprendo moitas cousas. *Umm*, por exemplo, non comprendo por que temos dedos nos pés ou por que eu escribo coa man esquerda.





TxT

Nin en soños vou perder  
eu a miña lingua

00:26

Sei algunhas cousas. Gústame darlle voltas ás cousas. Sei por exemplo que as palabras se fan dentro da boca. Algunhas nacen máis adentro, aquí, na gorxa. E moitas na lingua. Se eu penso unha palabra, pas!, nese momento aparece na lingua e só teño que movela e a palabra sae voando cara a fóra, aínda que non se ven. Verse só se ven cando están escritas. Cando estaba aprendendo a ler un día pensei que gardaba na barriga todas as palabras do mundo. Despois descubríñ que non, que as palabras son como os pensamentos, están e non están. É como cando dis... teño unha idea, e a idea aparece na cabeza nese momento, como as palabras que aparecen na lingua nada mais pensalas. É así.



Resulta que hoxe non deixo de mirarme a lingua. Aaaaaaaaaa. Porque estou preocupada. Porque no autobús escoiteille a unha señora dicíndolle a outra algo así como que *O problema máis grande, é que os nenos están perdendo a lingua.* Dixo iso: *Os nenos están perdendo a lingua.*

Que eu estaba ao seu lado e escoiteina ben. E a outra señora dixo *ahá*, con cara de preocupada.

Eu tiven que baixar do autobús na seguinte parada porque mamá me levaba da man e tiñamos que ir á carnizaría. E cando chegamos á carnizaría, cando collín o número na máquina, díxenlle a mamá: *Mamá, é certo que os nenos están perdendo a lingua?* E ela miroume como se lle fixese unha pregunta rara e púxose seria como cando me está explicando o número nove, que para min é o número máis difícil, e díxome: *Si, hai moitos nenos e nenas que están perdendo a lingua. Sobre todo nas cidades. Douscentos gramos de queixo, por favor.*

Así que eu collín un pouco de medo porque, claro, eu vivo nunha cidade e aínda son unha nena. E abrín a boca e aaaaaa, mirei a ver se a lingua seguía alí.

De volta no autobús, outra vez. Na radio, despois dunha canción de non sei quen, ponse





TxT

Nin en soños vou perder eu a miña lingua

00:27

a falar un señor e di algo así como *O problema da perda da lingua estase estendendo por todo o país...* E dixo "estendendo" como se fose unha enfermidade, como cando falan da gripe, ou como no verán cando os incendios se estenden polos montes e non poden apagalos. E eu díxenlle a mamá: *E que se pode facer para non perder a lingua?* E ela díxome *Pois falar moito. Como de moito? Moito. Tes que falar seguido,* dixo. Eu, cando non me vía volvíñ *aaaaaaaa* sacar a lingua para ver se a perdera. *Uff.*


E por iso levo hoxe todo o día que non paro de darlle á lingua. *Ola, ola, bos días, ola boas tardes,* fun saudando a todo o mundo pola rúa. E á veciña do terceiro no ascensor conteille que mamá mercara douscentos gramos de queixo e



douscentos de chourizo e trescentos de salchichón e tres bistés de porco e cando cheguei á casa púxenme a cantar a canción do camarón, ron, ron e así. E seguíñ cantando e falando para min e tanto falei que mamá na cea díxome *Non se fala mentres se come.*

De cando en vez saco a lingua *aaaaaaaa*, e dígolle *Ola, estás aí? Olaaaaaaaa.* *Uf.*

Eu non comprendo como se pode perder unha lingua. De verdade que non o comprendo. Como pode perder alguén a súa lingua? Parece incríbel. Aínda que se toda a xente fala diso debe ser certo... Eu por se acaso espero non deixar de falar nin en soños. *Ha!* Nin en soños vou perder eu a miña lingua!





TxT


Nin en soños vou perder  
eu a miña lingua

00:28

## Actividades de "Nin en soños vou perder eu a miña lingua"

### A ver se comprendemos

- 1.- Que dúas cousas non comprendía a protagonista desta historia?
- 2.- En que dous sitios se fan as palabras?
- 3.- Cando estaba aprendendo a ler, onde cría que se "*gardaban*" as palabras?
- 4.- Cal é a preocupación da protagonista?
- 5.- Cres que a nai lle deu importancia a esta preocupación? Explica o porque da túa resposta.
- 6.- Que idea lle dou a nai para solucionar o problema?
- 7.- Que fixo a protagonista para evitar perder a súa lingua?
- 8.- Cal é o número que máis lle custa aprender á rapaza protagonista?





TxT

Nin en soños vou perder  
eu a miña lingua

00:29

## Andamos pola rede

1.- O autor deste texto, Séchu Sende, é un escritor moi implicado co tempo no que vive e participa de numerosas actividades, moitas delas relacionadas coa internet galega. Por exemplo acostuma a visitar e escribir na páxina <http://www.arredemo.info> que é unha páxina na que se dan novas que non saen noutros medios. Quen cres ti que escribe as noticias desta páxina?

2.- A ver se eres quen de completar este cadro buscando os datos que faltan por internet:

Séchu Sende	
Naceu en...	
Traballa en...	
Escribíu os seguintes libros...	

3.- Tenta localizar unha foto do escritor Séchu Sende.


## Enredos coa lingua

1.- Din que cada vez se fala menos galego, ti que opinas? Xustifica a túa resposta.

2.- Para entender este conto debes fixarte ben na palabra lingua, xa que pode significar dúas cousas distintas: "órgano muscular situado na boca" e tamén "sistema de signos que usa unha comunidade para se comunicar".

- Como se chaman este tipo de palabras que teñen varios significados?

- Pon dous ou tres exemplos deste tipo de palabras.







TxT

00:30

# Triste Leticia

Antón Riveiro Coello





TxT

Triste ledicia

00:31

# Triste ledicia

Antón Riveiro Coello




A avoa Evarista morreu dun ataque de risa e, aínda que todos pensaban que iso era produto da loucura, eu sabía que a morte da avoa nada tiña que ver coa alegría. Mentres mamá e as tías a amortallaban, eu puiden ver a través da porta o sorriso falso da defunta, e elas, sen o saberen, axudáranas a morrer.

Nos últimos meses de vida, a avoa sempre estaba a rir e os músculos da cara remataron por vencer a tanta ledicia e, cando estaba triste, bendita tristura!, do seu rostro caían os colgallos da pel como bolsas de plástico con pedras dentro.

Ao principio, ela era unha persoa coma as demais da familia, pero nada máis morrer o avó, o cambio foi





TxT

Triste ledicia

00:32

total. Eu vin moitas veces cómo mamá e as tías se estrañaban diante de semellante felicidade e daban en chamar a médicos para que a visitasen e mirasen de lle curar ese mal da risa. Todos coincidían en que esa reacción fora provocada pola morte súbita do avó, e aínda que todos os médicos acertaban na orixe do mal, equivocábanse cando dicían que padecía loucura.

O problema da avoa descubríno eu e non era máis ca unha cuestión de memoria. A perda do avó afectáralle ao cerebro e provocáralle unha desorientación á hora de rir e chorar. Logo de moito observala, decateime de que ela confundía a risa co pranto. E cando a avoa ría, que eran as máis das veces, iso significaba que estaba triste, e cando tiña mala cara ou choraba, viña sendo que estaba feliz. Así, unha vez que souben dese segredo, loitei con pallasa decisión por manterlle a ilusión amargada. E improvisáballe parvadas, contáballe contos, amosáballe as excelentes notas do colexio, peiteáballe os cabelos brancos..., e todas estas boas accións provocábanlle a alegría silenciosa do pranto. Si, a avoa choraba, porque estaba feliz, pero a súa conduta pasiva de non



celebrar exteriormente as miñas grazas, non a entenderon nin mamá nin as tías, que dicían que a avoa era cruel comigo. Por iso, recibín ordes concretas para que non me achegase a avoa, e volví a xogar cos meus curmáns.

Algunha mañá, mentres almorzaba, eu sufría ao escoitar as fortes risas que viñan do cuarto da avoa. E estiven a punto de confesarlles a todos a desgraza que padecía a avoa Evarista, pero como sabía que non me crerían, non dixen nada e seguí gardando ese segredo que me doía e que me facía afastarme da casa para non escoitar a súas risas. No Nadal, cando a ausencia do avó se lle fixo moito máis dura, a avoa morreu de tristura nun terrible ataque de risa que lle derramou a alma.

O día do enterro caeu unha nevada e, diante do seu cadaleito, sentín unha estraña tristura que me nacía no estómago e me subía polas costas coma unha serpe. Foi unha sensación tan forte e irreal que nun fun capaz de me dominar e, así, no medio de familiares e veciños, dei en rir cunha violenta intensidade, que viña demostrar a miña triste ledicia pola morte da avoa.





TxT

Triste ledicia

00:33

# Actividades de "Triste ledicia"

## A ver se comprendemos

1.- De que morreu a avoa Evarista?

7.- Cando estaba triste a avoa, como reaccionaba?

2.- Cal é a orixe dese mal?

8.- No enterro da avoa, como reaccionou a neta?

3.- De que dicía a xente que morrera Evarista?

9.- Marca cun *V* as afirmacións verdadeiras e cun *F* as falsas.

5.- En que época do ano morreu a avoa?

6.- Porque dicía a nai e a tía que a avoa era cruel coa súa neta?

<input type="checkbox"/>	O día do enterro da avoa estaba chovendo.
<input type="checkbox"/>	A avoa confundía a risa co pranto
<input type="checkbox"/>	Cando morreu o avó, foi cando cambiou a avoa
<input type="checkbox"/>	A avoa Evarista morreu dun ataque de loucura
<input type="checkbox"/>	Á neta prohibíuselle que se achegase á avoa





TxT

Triste ledicia

00:34

## Andamos pola rede

1.-O autor do texto, Antón Riveiro, ten escrito varias novelas. A ver se es quen de atopar o título de 3 das súas obras.

2.- Localiza agora a portada dos 3 libros que buscaches.

## Enredos coa lingua

1.- Busca no dicionario as seguintes palabras:

pranto:

colgallo:

amortallar:

2.- Inventa unha pequena historia onde aparezan as palabras anteriores






TxT

00:35

# O señor Apiretal e Rosa Bayer

Jaureguizar





TxT

O señor Apiretal e  
Rosa Bayer

00:36


# O señor Apiretal e Rosa Bayer

Jaureguizar

1

O peor para un home doente é non ter quen o atenda. O señor Apiretal Paracetamol Ibuprofeno dispoñía da súa nai, Dalsy Ibuprofeno, para atendelo; pero a señora morreu e ficou só. O señor Apiretal Paracetamol chorou a eito no seu enterro. Acordaba de cando era neno e el estaba sempre na cama. Apiretal pasaba os días vestido cun pixama, chuchado nos mocos que lle colgaban do nariz, tapado con catro mantas e con mamá ao seu carón.





TxT

O señor Apiretal e  
Rosa Bayer

00:37


tiña unha pel branca e transparente como a das cebolas porque a persiana do seu dormitorio estaba sempre baixada.

O seu pai, Algidol Paracetamol, rifaba a Apiretaliño de seguido. Agradadamente, era camioneiro e había semanas enteiras nas que o seu fillo Apiretal escusaba de aturalo. O peor eran os días de descanso laboral. Apiretal sentía dende o seu dormitorio no segundo andar ao seu pai protestando de que o neno era un papafilloas, un mexericas, un miñaxoia; o pai berraba que a nai debía mandalo ao colexio. Aló xogaríase con outros nenos e correría canda eles e a súa pel recibiría o sol e o aire. A señora Iboprufereno deixaba que o seu home berrara e berrara para, cando cansaba, espetarlle:

-Sabes a cantidade de microbios que pode coller Apiretaliño respirando o aire que hai no camiño até o colexio? Por non pensar xa na cotra que poden pegarlle os compañeiros. Pensas que as súas nais os bañan tres veces ao día coma min?

Esta situación desagradable duraba dous ou tres días até que Apiretaliño escoitaba marchar o camión do pai. Imaxinaba dende a cama o gran peido de fume que botaba polo tubo de escape. A felicidade era moita con aquela marcha e aumentaba ao entrar a súa nai na súa habitación cunha bandexa para festexaren que ficaban novamente sós: a nai e máis o seu meniño. Na bandexa había xaropes de varios sabores, pomadas, supositórios e pílulas das cores máis bonitas. Dalsy Ibuprofereno ía dándolle as medicinas cun sorriso constante por ver a ledicia do seu neno.

Pero Dalsy Ibuprofereno morreu por mor dunha doenza que a mantivo durante case que un ano na cama. Apiretal Paracetamol coidou dela todo ese tempo, coa mesma atención que fixera ela. O fillo estaba celoso dos coidados que recibía a enferma. Mesmo a bicaba deseguido nun intento parvo de contagiarse da súa doenza.





TxT


O señor Apiretal e  
Rosa Bayer

00:38

2

Días despois do soterramento, nunha mañá bonita de primavera, Apiretal puxo un abrigo, unha bufanda e unha mascariña na boca para saír da casa. Foi alugar un apartamento achegado a un centro de saúde. Atopou un que era caro para a pensión por enfermidade que recibía dende neno, pero prefería iso a camiñar pola rúa sabendo que o aire está cheo de xermes e bacterias.

Todas as mañás vestía o abrigo, a bufanda e a mascariña para acudir á consulta. Indo ao ambulatorio un día si e sen faltar ao outro, acabou por ter unha certa confianza co persoal: a confianza que permite unha distancia hixiénica. Tantas horas pasaba aló mentres lle facían probas que



acabou por ter confianza con Rosa Bayer. Rosa Bayer era unha enfermeira repoluda e pálida, tan bela coma unha aspirina.

Falaban e falaban de doenzas, falaban e falaban de casos clínicos que ela atendera e falaban e falaban das medicinas que as empresas farmacéuticas ían quitando. Apiretal Paracetamol namorou até tal nivel de Rosa que non quería que máis ninguén o atendese. E Rosa, que nunca fillo parira que se chamase coma unha medicina, quedou prendada de Apiretal Paracetamol.

O seu amor foi desenvolvéndose durante o verán coma un virus sen antibiótico e Rosa Bayer abandonou o seu traballo. Rosa deixou sen atención a outros doentes para irse vivir ao apartamento de Apiretal Paracetamol.





TxT

O señor Apiretal e  
Rosa Bayer

00:39

E pasou o outono, pasou un outono cheo de ledicia para Apiretal porque padeceu moitas febres e unha chea de catarros. A enfermeira que era coma unha aspirina aburriu de preparar potas de auga con eucaliptos fervendo para que fixera bafos.

Transcorreron os meses dos xaropes e pasaron os meses dos termómetros nas axilas. Rosa Bayer logrou curarlle canta enfermidade o afectaba. Chegaron a inverniá e o frío, pero daquela o doente atopábase san coma un xamón.

Apiretal comezou a sentir entón a desdita de que ninguén se ocupara da súa tensión, de que ninguén lle quecese auga para os pés, de que ninguén o mimase comprobando a temperatura porque xa non había temperatura que comprobar. Apiretal reparou entón en que lle acontecera unha grande desgraza, a maior da súa vida. Rosa deitara no lixo toda canta medicina gardaban na casa afir-


mando que xa non as precisarían.

Apiretal determinouse entón a agardar pola seguinte nevada. Todas as madrugadas se erguía con moito xeito para non espertar a Rosa e asomaba pola ventá coa ilusión de atopar a rúa na que estaba o ambulatorio completamente branca.

A neve tardou tres días en aparecer. No amencer deixou silandeiro o leito e saíu da casa con abrigo, bufanda e mascariña.

No medio da rúa, quitou a mascariña, desenroscou a bufanda e tirou o abrigo. A seguir, desfíxose tamén do pixama até quedar totalmente espido.

Un coche, que pretendía pasar, tentou asustalo a bucinazos. Os seus faros alumeaban as folerpas deixándose caer contra o chan. Apiretal Paracetamol Ibuprofeno sentíaaas bater no seu corpo. Respirou fondamente para que os xermes e as bacterias puidesen entrar novamente nel.





TxT

O señor Apiretal e  
Rosa Bayer

00:40

# Actividades de "O señor Apiretal e Rosa Bayer"

## A ver se comprendemos

- 1.- Por que tiña Apiretal unha pel branca e transparente?
- 2.- O pai de Apiretal, o señor Algidol, que profesión tiña?
- 3.- Por que quería o pai que fose ao colexio?
- 4.- Cando enfermou a nai, por que Apiretal bicaba tanto á súa nai?
- 5.- Cal foi a causa de que Apiretal alugase un apartamento tan caro?
- 6.- Como coñeceu a Rosa Bayer?
- 7.- De que falaban Rosa e Apiretal cando se coñeceron?
- 8.- Como lle curou Rosa todas as enfermidades a Apiretal?
- 9.- Que fixo Apiretal para volver enfermarse?

- 10.- Ordena as seguintes ideas de xeito que cadren coa historia

	Algidol Parecetamol rifa co seu fillo e obrígaos a ir á escola
	Apiretal alugou un apartamento preto dun centro de saúde
	A nai ficaba contenta co seu fillo Algidol cando marchaba o pai do camiión
	Apiretal padece moitas enfermidades e Rosa cóidao no apartamento
1	Cando era neno, Apiretal Parecetamol, estaba sempre enfermo
	Rosa e Apiretal namóranse e vanse vivir xuntos
	Saíu espido á rúa para enfermarse.
	Apiretal coidou á súa nai até que morreu
	Apiretal está triste porque non contraía ningunha enfermidade
	Coñece a Rosa Bayer, enfermeira no centro de saúde





TxT

O señor Apiretal e  
Rosa Bayer

00:41

## Andamos pola rede

1.- Cabaret Voltaire é a última novela que escribiu o autor deste conto. Podes visitar a páxina <http://www.xente.mundo-r.com/jaureguizar/index.htm/> e consultar de que vai esta obra e oír unhas vellas cancións alemás.


2.- Jaureguizar, autor desta historia, ten participado en varios proxectos na rede, entre eles *Contos ínfimos* [http://www.geocities.com/\\_contosinfimos](http://www.geocities.com/_contosinfimos). Bótalle unha ollada e anímate ti a facer uns contos breves (que non ocupen máis de dúas liñas).

## Enredos coa lingua

1.- Une con frechas as palabra co seu significado:

Rifar	Ceder algunha cousa por un prezo acordado
Alugar	Vapor que desprende un corpo
Repoludo	Reprimenda, berrar
Bafo	Organismo microscópico
Bacteria	Que ten aspecto sá






TxT

00:42

# Cápsulas

María Lado





TxT

Cápsulas


00:43

# Cápsulas

María Lado

é bonito porque  
che miro e só che  
vexo sorrir. e a brisa.  
é estar aquí tan arri-  
ba e sen caer coma a  
noite nos tellados.  
mirando as antenas e  
a ti. miro e só che  
vexo sorrir. e iso  
ponme feliz, aquí tan  
arriba.

e porque soan as  
nosas cancións favo-  
ritas. imos ao alma-  
cén, dixéchesme  
queres vir? que hai?  
hai unha festa. e eu  
vin da túa  
man. pero  
dende aquí






TxT

Cápsulas

00:44

vese a cidade e ti tráesme para que eu a vexa. porque sabes que me gusta de madrugada. déitase. ti tamén ves como se deita e nos chama. por iso sentamos nos bordes das terrazas. e xogamos a cuspir sobre os capós dos coches. e ti preguntásmeme onde vai acabar antes de cuspir e eu xogo a averiguar se acertas sobre os taxis. e así alongar a noite até que o sol alumee e paseen señoras. eu adoro esta cidade que sorrí na túa boca antes do día romper. aí é onde eu vou acabar. na túa boca. debaixo da túa lingua ou que me tragues coma unha cápsula. pero que non veña mañá levarnos



na súa tristeza de caídas. porque os días de despois son moi tristes.


déixame que colla a túa man. por iso.

quería levarche á praia. que viras o sol morrer.

mañá levaríache á praia. e deixaríame enredar entre os teus cabelos.

pero mañá xa estamos mortas. os días de despois sabes que cortan coma navallas. mañá será terrible. e que é mellor que me sigas agora. porque mañá será terrible.

e agora, caería no teu sorriso. e todos pensarían que nos amábamos.





TxT

Cápsulas 00:45

# Actividades de "Cápsulas"

## A ver se comprendemos

- 1.- Quen cres que son os protagonistas desta historia?
- 2.- Onde transcorre a acción? A que hora do día?
- 3.- Inventa outro título para esta historia.

## Andamos pola rede

1.-María Lado, autora do texto, é poeta. Tamén mantén un blog na rede <http://casatlantica.blogspot.com/> no que conta parte da súa vida. Visitando esta e outras páxinas, tenta completar a ficha de información sobre María


María Lado	
Naceu en...	
Vive en...	
Traballa en...	
Escribí os seguintes libros...	

2.-A autora do texto tamén gravou este texto, mesturouno con música e colgouno na páxina <http://casatlantica.castpost.com/>. Descárgao e escoita o resultado. Anímaste ti a facer unha gravación como esta?

## Enredos coa lingua

1.- Busca nesta sopa de letras as seguintes palabras, quitadas do texto, ás que lle faltan letras

C _ _ _ _ _ S	A	L	I	M	V	A	Q	E	U	R	A	S
_ _ G A _ _ _ _	B	I	U	I	C	A	N	C	I	O	N	S
_ _ I S _ _ S	V	N	E	M	A	D	R	U	G	A	D	A
_ _ _ B A M _ _	A	G	S	B	P	T	T	O	H	E	I	P
L I _ _ _ _	O	U	F	R	S	S	R	D	A	T	R	R
M A _ _ _ _ D A	P	A	E	A	U	O	E	I	G	D	F	A
P _ A _ _	D	S	U	S	L	I	O	H	S	F	O	I
	E	I	G	E	A	U	I	N	D	T	I	A
	X	O	G	A	B	A	M	O	S	O	E	A
	C	A	M	I	N	D	D	S	H	P	E	S
	U	A	F	A	M	A	B	A	M	O	S	N
	E	Q	U	O	L	S	D	E	O	V	L	M





TxT

Cápsulas

00:46

## Enredos coa lingua

2.- Emparella as seguintes palabras cos seus sinónimos.

Feliz

Madrugada

Tristeza

Regalo

Amencida

Ledo

Pesar

Agasallo

3.- Buscamos antónimos para as seguintes palabras:

Sorrir	
Arriba	
Noite	
Feliz	
Vir	
Preguntar	
Acertar	
Morrer	
Amar	

4.- A ver se es capaz de escribir novas palabra con todas ou algunhas das letras da palabra *cápsulas*.

5.- No texto aparece varias veces a expresión *só che vexo sorrir*. Pensa e escribe todo o que se che ocorra para facer sorrir.

6.- A seguinte expresión *os días de despois cortan como navallas* está sacada do texto. Que che parece que quere dicir a autora?



